



Entrevistamos a...



Javier Domínguez Lino
PRESIDENTE DE SOGAMA

"Sogama segue mellorando todos os seus parámetros e abre novos horizontes"

[Ler máis...](#)



Manuel Fernández
DIRECTOR GENERAL DE PLASTICSEUROPE EN LA REGIÓN IBÉRICA

"El 97% de la gente apoya el uso de residuos non reciclables como fuente de enerxía alternativa"

[Ler máis...](#)

Actualidade



Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

[Ler máis...](#)

Mundo SOGAMA

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial


O complexo medioambiental superou a súa capacidade nominal de tratamento, con preto de 584.000 toneladas.

Sumando a planta de coxeneración, termoeléctrica e biogás, a empresa pública produciu máis de 516.000 MWh de enerxía, o que representa o 11 por cento de toda a consumida polos galegos.



[Ler máis...](#)

Multimedia



Os Trebón visitan Sogama

[Ver o 20 videoconto da familia Trebón...](#)

Ecovidrio edita un conto infantil para fomentar o reciclado de vidro en Galicia

[Ver máis...](#)

Eventos



A CEL e Sogama organizan unha xornada baixo o lema "Por que reciclar?"



Zaragoza acolle a conferencia de peche do proxecto Dibbiopack



Sogama, na primeira conferencia panamericana "Waste to Energy 2016"



Ecoembes ten como obxectivo reciclar un 80% dos envases domésticos



Efemérides medioambientais

[Máis eventos...](#)

Receitario



Que comes hoxe?

• Sopa con restos de polo asado

[Ver receita...](#)

Entrevistamos a...



Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

"Sogama segue mellorando de forma notable todos os seus parámetros, entre os que destaca a redución nun 55% dos residuos ao vertedoiro de Areosa dende 2008"

A Sociedade Galega do Medio Ambiente acadou no ano 2015 "máximos históricos de eficiencia industrial". Así o desvelou o seu presidente, Javier Domínguez Lino, nunha rolda de prensa celebrada o pasado mes de febreiro na sede da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, onde foi desgranando fitos, cifras e comparativas e, sobre todo, onde deu a coñecer o rumbo que a compañía pública emprendeu para abrirse a novos horizontes e optimizar o seu servizo, cuxo fin non é outro que velar pola protección da contorna e o o benestar das actuais e futuras xeracións.

Na súa primeira comparecencia deste ano ante os medios de comunicación, vostede deu a coñecer os resultados da actividade da Sociedade correspondentes ao 2015, que chegaron a ser cualificados como "máximos históricos de eficiencia". En que se traduce isto?

Así é. Logramos incrementar, e ademais de forma notable, a cantidade de residuos tratados no complexo, superando incluso a súa capacidade nominal, que se atopa nas 550.000 toneladas. En 2015, procesamos 583.763 toneladas, o que supón un aumento do 1,25% respecto de 2014 e un 27,7% en relación ao ano 2008. En canto á produción de enerxía, avanzamos na mesma liña, acadando os 516.819 MWh, un 4,40% máis que en 2014 e un 29,12% máis que en 2008. E, lóxicamente, todo isto traducíuse nun menor desvío de refugallos ao vertedoiro de Areosa, que chegou ás 185.041 toneladas, un 2,31% menos que en 2014 e un 55% menos que en 2008. En canto á bolsa amarela (envases de plástico, latas e briks introducidos nos contedores amarelos), mantívose estable durante os dous últimos exercicios, en aproximadamente 21.400 toneladas anuais, e moi por riba das cantidades procesadas na planta de clasificación durante o 2008 (11.200 toneladas). Pero é evidente que temos que mellorar estas cifras entre todos e incrementar os niveis de recuperación dos envases lixeiros. En relación aos parámetros de emisión, e aínda que todos eles atopábanse xa moi por baixo dos límites legais, gustaríame destacar especialmente o descenso de valores tan relevantes como o NOx (óxido de nitróxeno), pasando de 84,6 mg/Nm³ a 75,2 mg/Nm³, toda vez que o límite atópase en 200, así como o de dioxinas e furanos (ng ITEQ/Nm³), que baixa desde 0,011 a 0,005, cun límite establecido en 0,100. En todo caso, son datos que indican e evidencian que imos na boa dirección.

SEGUIR LENDO....

Entrevistamos a...

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

"Superamos a nosa capacidade nominal de tratamento de refugallo, acadando as 583.763 toneladas en 2015"

E cal é esa dirección, que itinerario se ten marcado a empresa nestes momentos?

Por riba de todo, imos continuar na liña da sensatez, a racionalidade e o traballo ben feito. E seguir loitando para contar coa colaboración e apoio dos cidadáns, xa que, como tales, entre os que me inclúo, desempeñamos un papel crucial na xestión sostible do lixo. Porque, se logramos reducir a produción de

refugallo en orixe, se logramos reutilizar os produtos o maior número de veces posible, e se os separamos correctamente por tipoloxías unha vez convertidos en residuos, procedendo ao seu depósito nos contedores correspondentes, faremos posible o seu reciclado. E, con isto, os beneficios que entraña desde a dimensión ambiental -a nivel de aforro de enerxía e materias primas-, e socioeconómica. De aí a razón de ser do noso programa de compostaxe doméstica, ao que xa se adscribiron 167 entidades, das cales máis dun cento (107) son concellos, ademais de centros escolares e colectivos sociais. Con este programa os usuarios poden fabricar o seu propio compost a partir da materia orgánica xerada nos fogares. Con tal fin, Sogama proporciona aos concellos os medios materiais e divulgativos precisos: composteiros, carteis, manuais de autocompostaxe, e ata imparte cursos específicos de formación para que os participantes na iniciativa logren un abono natural de alta calidade. E, neste cometido, non queremos deixar sós aos entes locais, senón apoialos, polo que lles proporcionamos un servizo de asesoramento externo para axudarlles a mellorar o proceso. A día de hoxe xa repartimos máis de 5.000 composteiros e o noso obxectivo pasa por aumentar esta dotación.

Que investimentos prevén realizar durante os próximos anos?

Ampliaremos as nosas instalacións centrais, que se emprazan no municipio coruñés de Cerceda. Xa licitamos a construción e posta en marcha, no propio complexo medioambiental, dunha nova planta para a recuperación dos envases contidos no lixo en masa (plástico e papel/cartón, ademais de aceiro, aluminio e vidro, que xa vimos separando desde hai tempo). Deste xeito, incrementaremos a capacidade do complexo nun mínimo do 36%, pasando das 550.000 toneladas nominais a 750.000. Isto permitiranos aumentar a nosa contribución ao reciclado nun 30% e diminuír o vertido na mesma porcentaxe. Estaríamos a falar dun investimento duns 35 millóns de euros. En breve adjudicarase o servizo e prevemos que esta instalación entre en operación cara a finais do próximo ano. E tamén construiremos e poremos en marcha unha planta de compostaxe no vertedoiro de Areosa, que terá capacidade para 15.000 toneladas ao ano, procesando na mesma a materia orgá-



Javier Domínguez Lino, xunto ás instalacións de Sogama

SEGUIR LENDO...

Entrevistamos a...

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



O presidente de Sogama ante as balas de briks separados no complexo de Cerceda

nica procedente da recollida selectiva municipal. O noso obxectivo último é dar un tratamento óptimo aos refugallo e destinar a vertedoiro, única e exclusivamente, a fracción que non se poida reciclar nin valorizar material ou enerxeticamente. Pero non esquezamos que tamén traballamos intensamente no ámbito da concienciación e sensibilización da poboación con numerosos programas a través dos cales pretendemos chegar aos distintos sectores sociais (escolares, universitarios, asociacións, cargos políticos, empresas do sector, etc). Isto tamén é investimento. Un traballo que, a modo de fina choiva, require tempo, serenidade, método e ilusión, que en Sogama temos. E estou seguro de que na nosa comunidade autónoma, coa implicación e axuda dos galegos, conseguiremos avanzar cara a tan ansiada economía circular, na que lograremos pechar o círculo de aproveitamento dos residuos mediante a súa transformación en recursos de utilidade. Ese debe ser o futuro e ese é precisamente o futuro no que estamos a traballar, confiando en contar co apoio da cidadanía.

E o canon?

Grazas á boa xestión e aos resultados do pasado ano, e malia os investimentos previstos, mantemos o canon nos mesmos termos do 2015, é dicir, en 68,17 euros + IVE por tonelada de bolsa negra (residuo convencional) procesada. Así se anunciou o pasado 2 de febreiro no Diario Oficial de Galicia. De aí que recordemos permanentemente aos concellos a necesidade de minorar a xeración de residuos en orixe e de apostar firmemente pola reutilización e a reciclaxe. De facelo así, Sogama recibirá menos cantidade de lixo e, xa que logo, o entes locais poderán reducir o importe da factura que pagan a esta empresa pública. Non obstante, quixera recordar que o canon de Sogama é o máis barato das tres plantas galegas de xestión de residuos urbanos e un dos máis baratos de España, e isto malia que no mesmo inclúese a transferencia e transporte, cuns elevados custos asociados debido á alta dispersión da poboación galega.

"Traballamos intensamente na concienciación a través de numerosos programas. Isto tamén é inversión"

Entrevistamos a...

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO...

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Desde que chegou ao cargo, fai máis dun ano, vostede sempre apostou pola transparencia informativa.

Non temos nada que ocultar. Todo o contrario. Día tras día damos a coñecer o que facemos, utilizando, entre outras ferramentas, a nosa páxina web e redes sociais, facéndonos eco do noso traballo, das nosas colaboracións e das novidades máis interesantes no panorama estatal e europeo. E todo isto compartímolo coa xente. E un claro exemplo da nosa preocupación pola transparencia é o programa de visitas á infraestructura industrial, pola que pasaron máis de 66.500 persoas, que tiveron a oportunidade de ver e coñecer de primeira man as instalacións da empresa e a súa actividade industrial e educativa. O programa funciona estupendamente. Estamos moi orgullosos. Todos os que nos visitan aseguran que repetirían a experiencia e recoméndana aos seus coñecidos. E os resultados das enquisas de satisfacción, voluntarias e anónimas, son moi positivos, toda vez que máis do 90% das persoas conclúen que Sogama realiza un labor esencial para a protección do medio ambiente en Galicia. E para os que, por diversas circunstancias, non poden visitarnos, creamos recursos didácticos, vídeos, xogos, cursos en liña, é dicir, numerosos materiais para que comprobén o noso cometido e, sobre todo, o traballo que eles mesmos levan a cabo nas súas casas.

"O canon que os concellos galegos pagan a Sogama é un dos máis baratos de España"

Que balance faría deste período ao fronte da entidade pública?

Estou moi satisfeito e con moitas ganas de seguir traballando ao máximo para mellorar, se cabe aínda máis, o labor de Sogama. O apoio que recibo dos socios da empresa, tanto da Xunta de Galicia como de Gas Natural Fenosa, é absoluto, do mesmo xeito que o que recibo dos traballadores. Porque nos une un obxectivo común: aportar o noso gran de area na consecución dun mundo mellor.



Entrevistamos a...

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...



Manuel Fernández
Director general de
PlasticsEurope en la
Región Ibérica

"El 97% de los encuestados se muestra a favor de utilizar los residuos como fuente de energía alternativa"

En sus más de 24 años de experiencia en el sector plástico, Manuel Fernández ha desarrollado su trayectoria profesional en diversos mercados europeos, por lo que cuenta con un gran conocimiento de la situación de la industria en Europa. Desde 2013, Fernández asume la labor de representación de PlasticsEurope en España y Portugal. Dirige las diferentes áreas estratégicas de la asociación, entre las que destacan la eficiencia de los recursos, la eficiencia energética y la protección del medio ambiente. Su principal objetivo: "Cero Plásticos en Vertedero".

En su momento, desde PlasticsEurope decidieron llevar a cabo una encuesta para testar la opinión de los españoles en torno a la gestión y tratamiento de residuos en España. ¿Cuáles han sido las principales conclusiones?

La verdad es que las conclusiones de la encuesta nos han sorprendido gratamente, pues las opiniones de los ciudadanos están muy alineadas con la estrategia de PlasticsEurope en materia de gestión de residuos, en la que el vertedero no es una opción. En este sentido, la encuesta concluye que la gente no ve que el vertedero sea una opción válida para los residuos y la gran mayoría opina que la prohibición de entrada a vertederos de residuos reciclables sería algo positivo.

Los resultados también muestran que la gente entiende que los residuos pueden tener un gran valor, que son una fuente para fabricar nuevos materiales a través del reciclado o una fuente de energía alternativa a través de la recuperación energética o la fabricación de combustibles alternativos.

¿Qué ámbito poblacional participó en este estudio y cuáles fueron las razones por las que decidieron realizarlo?

Hicimos la encuesta a través de la empresa ENET Consulting, especializada en este tipo de actividades y fue cumplimentada por 1.000 personas.

Uno de los ejes principales de las actividades de nuestra asociación es la gestión sostenible de los residuos, y más concretamente nuestra iniciativa "Cero Plásticos en Vertedero".

Los plásticos son un recurso muy valioso y desperdiciar su valor depositándolos en vertederos nos parece no solo un grave error sino incluso un lujo que no nos podemos permitir. Más aún sabiendo que existen otras opciones de gestión de residuos mucho más sostenibles, como es el reciclaje (tanto mecánico como químico) y su aprovechamiento como fuente de energía.

Para que la gestión de los residuos sea más sostenible es necesario involucrar a diferentes agentes de nuestra sociedad: autoridades públicas, cadena de valor de la ges-

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Recetario

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO....

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

ción de residuos y también a los ciudadanos. Hasta donde nosotros conocemos, nunca se había hecho una encuesta para conocer la opinión de los ciudadanos en relación a la gestión y el tratamiento de los residuos, con una particular atención a la valorización energética, por ese motivo decidimos hacer la encuesta.

El 97% de los encuestados se muestra a favor de la recuperación energética de residuos. ¿Qué valoración hacen al respecto?

Esto demuestra que la gente entiende que los residuos pueden ser muy valiosos. Que un 97% de los encuestados se muestren a favor de utilizar los residuos como fuente de energía alternativa es un dato muy positivo.

Desde PlasticsEurope siempre insistimos en que el reciclado y la recuperación energética, especialmente en el caso de los residuos plásticos, han de ser opciones complementarias.

Desde luego, el reciclado ha de ser la opción primera, pero cuando el reciclado mecánico deja de ser la opción más sostenible (por razones técnicas, económicas y/o medioambientales), la valorización energética ofrece otra vía de recuperación del valor de los residuos. De hecho, en otros países europeos líderes en gestión y protección ambiental, la valorización energética es una realidad y su tecnología está

mucho más implantada que en nuestro país. Posiblemente porque la opción del vertedero no existe o es extremadamente cara y también porque la sociedad en su conjunto admite que no se puede malgastar el valor de los residuos. En Viena (Austria), por ejemplo, existe una planta de valorización energética en plena ciudad que procesa entorno a 250.000 toneladas de residuos sólidos urbanos al año. Gracias al

"El reciclaje y la recuperación energética son opciones complementarias"

output de la planta se cubren las necesidades de calefacción de más de 60.000 hogares vieneses y se generan, entre otros, 40.000 MWh de electricidad. ¿Por qué no hacer lo mismo en España, sobre todo sabiendo que somos un país deficitario desde el punto de vista energético?

¿Y qué opinan los ciudadanos sobre el reciclaje y el uso del vertedero?

Los resultados muestran que un 92,3% de los encuestados opinan que almacenar residuos en los vertederos es algo negativo. ¡Y estamos de acuerdo! Los vertederos no son una opción sostenible de gestión de los residuos.

Nuestra asociación lleva años trabajando en la iniciativa "Cero Plásticos en Vertedero" porque, aunque parezca increíble, en España, a día de hoy, más de la mitad de los residuos plásticos se sigue depositando en vertederos.



Manuel Fernández cuenta con una amplia experiencia en el sector plástico

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SEGUIR LENDO...

Síguenos en...



www.sogama.es



Entrevistamos a...

Nosotros queremos que se recupere todo el valor de estos residuos y por ello nos parece clave que se evite la entrada a vertedero de cualquier residuo que se pueda reciclar (mecánica o químicamente) o recuperar (ya sea para generar energía o combustibles alternativos). De hecho, un 83,2% de los encuestados ve positivo que se prohíban los vertederos para estos tipos de residuos.

En cuanto al reciclaje, un 97% de los encuestados opinan que es positivo reciclar residuos para hacer productos nuevos. En la encuesta también se le preguntaba a la gente su opinión acerca de mandar los residuos fuera de nuestro país para que sean otros los que se hicieran cargo de su reciclado. El resultado es que casi un 85% de los encuestados considerará esta opción como negativa (57,2%) o regular (27,4%). El hecho de que la gente quiera que los residuos se gestionen en nuestro territorio es reconocer que pueden ser fuente de riqueza, no solo como segundas materias primas o energía, sino también como creadores de tejido industrial y puestos de trabajo locales.

¿Hay algún resultado en concreto que les haya sorprendido?

Conscientes de que la valorización energética ha sido objeto de contestación social en España, incluimos en la encuesta una pregunta sobre la posibilidad de que se instalase en su ciudad una planta de recuperación energética no contaminante, como ocurre en otras ciudades de Europa. Y la verdad es que el resultado nos ha sorprendido: a un 64,6% de los encuestados nos le importaría. Creemos que este dato muestra que, posiblemente, parte del rechazo social está ligado a una falta de información.

Es importante que seamos capaces de transmitir a la sociedad que las instalaciones de recuperación energética que están en marcha hoy en día son limpias y seguras tanto para el medio ambiente como para las personas. Volviendo al ejemplo mencionado anteriormente sobre la planta que existe en la ciudad de Viena, las autoridades austriacas han llevado a cabo varias encuestas entre los vecinos de esas instalaciones y la inmensa mayoría tiene una opinión positiva sobre la planta. Sin duda, estos resultados son fruto de campañas de información y de constatar en el tiempo de que son instalaciones limpias y seguras.

Háblenos de PlasticsEurope: de su cometido, de sus objetivos y cuáles son ahora mismo los proyectos en los que se encuentran trabajando.

PlasticsEurope es la asociación europea de productores de materias primas plásticas con sede en Bruselas y delegaciones regionales en Frankfurt, París, Londres, Milán y Madrid. Fue creada en el año 2005 y cuenta con más de 100 empresas asociadas por toda Europa. Desde sus oficinas de Madrid, nuestra asociación representa a los fabricantes de materias primas de la región ibérica.

Nuestra labor es la divulgación del conocimiento sobre la industria y los materiales plásticos, sus múltiples aplicaciones y su aportación a la economía circular, al progreso y al desarrollo sostenible de nuestra sociedad.

Trabajamos en 3 áreas estratégicas:

- La eficiencia en el uso de los recursos, incluido la contribución de los plásticos, a lo largo de todo su ciclo de vida, a la economía circular.
- La eficiencia energética, mostrando especialmente cómo diferentes aplicaciones de los plásticos pueden contribuir a significativos ahorros energéticos y de emisiones de CO₂ en sectores como la construcción, la vivienda o el transporte.
- Protección al consumidor, mostrando que las aplicaciones plásticas son seguras a la vez que cumplen con las necesidades de los consumidores.

En España, las áreas en las que estamos más enfocados son las dos primeras, especialmente con nuestra iniciativa "Cero plásticos en vertedero". Concretamente, en este proyecto, trabajamos para que en el año 2025 no se permita la entrada en vertedero de ningún residuo reciclable o recuperable.

"Más de un 80% de los encuestados ve positivo prohibir los vertederos para plásticos"

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Mundo SOGAMA

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

O complexo medioambiental superou a súa capacidade nominal de tratamento, con preto de 584.000 toneladas, e produciu máis de 516.000 MWh de enerxía, o 11 por cento de toda Galicia.



O presidente de Sogama, durante a presentación de resultados

A Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) acadou o pasado ano os seus máximos históricos en eficiencia industrial. Así, a planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible superou a súa capacidade de deseño, establecida en 550.000 toneladas de residuos, e chegou a tratar preto de 584.000, un 1,25 por cento máis que en 2014 e un 28 por cento superior a 2008.

Pola súa banda, a produción enerxética total, aglutinando a planta de coxeneración, termoeléctrica e biogás, superou os 516.000 MWh, o que representa o 11 por cento de toda a consumida polos galegos. Ademais, a termoeléctrica logrou ser a de maior eficiencia e produción das 10 infraestruturas destas características que existen en España.

Así o expuxo en rolda de prensa o presidente de Sogama, Javier Domínguez Lino, que fixo balance da actividade da empresa pública durante 2015 e que salientou que, grazas á maior eficiencia de Sogama, descendieron os residuos enviados ao vertedoiro de Areosa. Esta baixada é dun 55 por cento se se compara coas magnitudes de 2008. "En definitiva", rematou Domínguez Lino, "estamos fa-

lando, sen lugar a dúbidas, dos mellores resultados da historia de Sogama".

A planta termoeléctrica foi a de maior eficiencia e produción entre as 10 infraestruturas deste tipo en España

Importante aumento da recollida de envases lixeiros en Pontevedra

Ademais dos datos autonómicos, tamén se fixo balance da provincia de Pontevedra, onde a recollida selectiva de bolsa amarela no 2015 (8.987,10 toneladas) incrementouse nun 20,7% respecto a 2008, mentres que a produción de bolsa negra (332.256,12 toneladas) viuse reducida nun 10,37%.

No ámbito da compostaxe doméstica, un total de 54 entidades (27 concellos, e 27 centros escolares e colectivos sociais) xa se atopan adscritas ao programa de Sogama, con importantes beneficios ambientais, económicos e sociais, tendo procedido ao reparto de preto de 1.400 composteiros.

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)



[Consulta os resultados detallados aquí](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Sogama licita a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe por preto de 4 millóns de euros

Os materiais que non sirvan para compostar, pero si para reciclar, serán separados na nave para envialos á industria transformadora e convertelos en novos produtos.

Sogama pechou o pasado 17 de marzo o prazo de presentación de ofertas para a construción e posta en marcha dunha planta de compostaxe na que se procesará a fracción orgánica dos residuos sólidos urbanos (FORSU) co obxectivo de fabricar compost.

Cun orzamento máximo de 3.940.000 euros (máis IVE), a instalación disporá de capacidade para tratar 15.000 toneladas anuais, e será ubicada nas dependencias do vertedoiro de residuos non perigosos que Sogama ten no lugar de Aresa, no termo municipal de Cerceda (A Coruña).

Os equipos mecánicos serán deseñados para que poidan tratar, polo menos, un 10% máis de refugallos; un sobredimensionamento na capacidade cualificado como razoable e que permitirá absorber as variacións debidas á estacionalidade, os tempos de indisponibilidade e outros condicionantes.

Aqueles materiais que non sirvan para compostar, pero si para reciclar (ferricos, por exemplo), serán separados na nave para envialos á industria transformadora e convertelos en novos produtos. Sogama aposta así por un deseño que dea máxima fiabilidade e robustez ao proceso, que posibilite a recuperación de

materiais con técnicas automáticas de clasificación, que permita a obtención de produtos de alta calidade con saída no mercado, que aposte polo máximo aproveitamento dos recursos enerxéticos, que reduza a produción de rexeitamentos e, por suposto, que minore o impacto da actividade da planta no medio circundante.

Prazos, garantías e penalizacións

As obras terán un prazo máximo de execución de 34 semanas a contar desde a data da firma do contrato. A partir dese momento, iniciaranse as probas de capacidade e rendemento, que terán unha duración non superior a 9 semanas.

O prego de condicións inclúe unha serie de garantías e penalizacións que afectarán aos prazos das obras e posta en marcha, así como á capacidade dos equipos, que, en caso de resultar insuficiente, serán substituídos, a cargo do adxudicatario, por outros de capacidade axeitada, reservándose Sogama o dereito a non liberar o 10% de cada factura retido ata que o incumprimento sexa emendado, establecéndose un prazo máximo de 10 semanas. Tamén se inclúen sancións en caso de incumprimentos en materia de seguridade e saúde e obrigas sociais do adxudicatario cos seus traballadores ou subcontratistas.

Para absorber posibles variacións, os equipos poderán tratar un 10% máis de refugallos



Unha persoa amosando unha pequena cantidade de compost



Para ver o anuncio publicado no DOG, pincha aquí

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



Acto de entrega dos diplomas do curso avanzado

Javier Domínguez preside o acto de entrega dos diplomas do curso avanzado en liña aos portavoces municipais

No mesmo participaron preto de 70 representantes de diversos municipios adheridos ao modelo Sogama, entre eles alcaldes, concelleiros, técnicos e persoal diverso dependente da administración local.

O 31 de decembro de 2015 concluíu o curso avanzado en liña que, baixo o título "A xestión dos residuos urbanos na economía circular", foi promovido e impartido por Sogama, dirixíndose a preto de 70 portavoces municipais co obxectivo de axudar aos municipios a cumprir coas obrigas legais vinculadas á xestión sostible dos residuos, proporcionándolles as claves para contribuír á protección e mellora do medio ambiente, así como ao aforro de custos.

O presidente de Sogama, Javier Domínguez, presidiu o pasado 29 de xaneiro o acto de entrega de diplomas nas oficinas centrais da Sociedade en Cerceda, onde agradeceu o interese mostrado polos participantes nesta actividade formativa. Posteriormente, o grupo tivo a oportunidade de visitar as instalacións que conforman o complexo medioambiental, facendo un percorrido guiado polo mesmo para coñecer de preto a súa actividade.

A economía circular impregnou o conxunto dos contidos tratados, poñendo de relevo, tal e como se recolle no novo Plan Estatal Marco de Residuos (PEMAR) 2016-2022, a necesidade de avanzar desde a actual economía lineal, definida polas malas prácticas de "usar e tirar", a unha circular na que os refuga-

llos sexan diminuídos ao mínimo e utilizados dun xeito máis intelixente e sostible, impulsando a produción de bens e servizos con menos recursos.

Durante as 50 horas lectivas de duración do curso, tamén se deron a coñecer os pormenores do novo paquete europeo de economía circular, cuxo fin último pasa por visualizar os residuos como recursos de valor, propoñendo unha serie de accións coas que contribuír a "pechar o círculo" do ciclo de vida dos produtos a través dunha maior reutilización e reciclado.

Atención personalizada

Durante o curso, dous titores ao servizo de Sogama atenderon persoalmente as necesidades dos alumnos, dando resposta ás preguntas e dúbidas presentadas por estes en cada momento.

Cada un dos dez temas foi complementado con numerosos recursos divulgativos (vídeos, audios, unidades didácticas, folletos, etc.) ao obxecto de facilitar a súa comprensión e interiorización, garantindo así unha mellor aprendizaxe. A condición indispensable para obter o correspondente diploma acreditativo foi ter superado as probas tipo test asociadas a cada tema, garantindo desta forma a adquisición de coñecementos.

SUBIR

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Reparto de composteiros no marco da campaña "Ourense composta", promovida pola Deputación provincial e Sogama

A iniciativa inclúe cursos de formación en materia de compostaxe doméstica para que os cidadáns poidan elaborar un abono natural de alta calidade.

Concluídas as primeiras fases de información e formación enmarcadas no programa "Ourense composta", promovido conxuntamente pola Deputación Provincial e Sogama, procederase ao reparto dun total de 396 composteiros entre os 50 concellos da provincia de Ourense que teñen delegado no ente supramunicipal a recollida e xestión dos residuos urbanos, e que participan nesta iniciativa co fin de propiciar a obtención dun compost de alta calidade que cumpra con todos os requisitos impostos pola normativa vixente.

A campaña, que arrancou o pasado 16 de xaneiro, centrouse ata o de agora en labores de divulgación, informando e formando aos veciños de distintas localidades. Deste xeito, logrouse que 400 persoas formalizaran a súa inscrición e que tiveran decidido sumarse á compostaxe doméstica. Neste contexto, técnicos especializados levaron a cabo senllas xornadas de difusión e instrución en nove puntos estratéxicos de O Carballiño, San Cibrao, Ribadavia, Xinzo de Limia, Bande, A Rúa, A Peroxa e Castro Caldelas. Neste encontro, a través de contidos teóricos e prácticos, explicáronse as claves da auto-compostaxe, as súas vantaxes, tanto ambientais como económicas e sociais, e solventáronse todas as dúbidas presentadas polos asistentes.

A partir deste momento, procederase ao reparto de composteiros, labor que se levará a cabo vivenda por vivenda e que

será aproveitada para recordar o funcionamento dos recipientes e axudar aos cidadáns na súa correcta instalación. De feito, os veciños de Bande, Viana do Bolo, Xinzo de Limia e A Rúa foron os primeiros en recibir estes artilluxios, que contan cunha capacidade para 360 litros.

Seguimento

Transcorrido un prazo de tres meses desde a instalación dos composteiros, realizarase unha nova visita aos fogares para comprobar a técnica, o proceso de maduración do compost e extraer mostras para proceder á súa análise científica. O fin último é propiciar a obtención dun abono de alta calidade que cumpra con todos os requisitos impostos pola normativa vixente, podendo ser aplicado ao solo con absolutas garantías e sen restricións.

Cursos de formación

Técnicos especializados explican aos participantes de "Ourense composta", no Concello de Bande, o protocolo a seguir desde a propia ubicación do composteiro, ata a relación de materiais a depositar e a non depositar no mesmo, factores que inflúen no proceso, control das condicións externas tales como temperatura e humidade, e forma de corrixir os erros máis comúns, así como emendar posibles incidencias.



SUBIR

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

O programa de visitas de Sogama comeza con forza 2016 con case un milleiro de persoas

En febreiro o número de alumnos que visitaron as instalacións aumentou nun 19% respecto a xaneiro e as perspectivas para marzo son igual de favorables.

O calendario de visitas a Sogama arrancou 2016 con forza, tendo participado durante os meses de xaneiro e febreiro case un milleiro de persoas de distintos perfís formativos e profesionais. E as expectativas respecto de marzo son igual de favorables, toda vez que, ante a alta demanda, moitos grupos decidiron reservar data con suficiente antelación para ter a oportunidade de ver e comprobar por si mesmos o cometido industrial de Sogama.

Durante o mes de xaneiro, foron 420 estudantes de varios centros que, no marco do programa "Recíclate con Sogama" (ao que están adscritos 14 colexios de primaria), decidiron visitar o complexo industrial de Cerceda. Para que puidesen levar a cabo os seus proxectos e o seu éxito, Sogama proporcionou a estes centros diversos medios materiais e divulgativos axudando aos destinatarios a incorporar a xestión sostible dos residuos á actividade lectiva diaria.

En febreiro, pasaron polas instalacións da empresa pública case 500 alumnos de



Visita do CEIP de Arteixo ás instalacións

ensino Primario, Secundario e Formación Profesional de distintos puntos de Galicia (localidades de Arteixo, Moaña, A Coruña, Fene, Pontearreas, Vigo, Lugo, Vedra e Castro de Rei). Isto supuxo un 19% máis que no mes de xaneiro.

A tarefa pedagóxica de Sogama é tal que moitos colexios veñen incluíndo a visita a Sogama como unha actividade obrigatoria dentro da súa planificación curricular. Isto ten amplos beneficios, sobradamente constatados, como é a formación e sensibilización ambiental de pequenos e mozos, aportándolles coñecemento e dándolles traslado de valores tan importantes para a vida como a responsabilidade, a sensibilidade, a empatía e a solidariedade.



O labor pedagóxico de Sogama é cada vez máis importante



Queres visitar as instalacións de Sogama? Contacta connosco

SUBIR

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



Vista de la planta termoeléctrica de Sogama

O PEMAR 2016-2022 e o novo paquete europeo de economía circular avalan a valorización enerxética dos residuos

Preto de 20 entidades españolas subscribiron o manifesto por unha vertido cero, analizando a implantación de instrumentos disuasorios cos que prohibir o depósito de residuos valorizables en vertedoiro e aproveitar ao máximo o seu potencial material e enerxético.

O Plan Estatal Marco de Residuos (PEMAR) 2016-2022 e o novo paquete europeo de economía circular avalan plenamente a valorización enerxética da fracción non reciclable dos residuos municipais.

O obxectivo último do PEMAR é converter a España nunha sociedade eficiente no uso dos recursos, evolucionando desde unha economía lineal, definida polas malas prácticas de usar e tirar, a unha circular na que os residuos sexan concibidos como recursos de utilidade.

Ademais de impulsar de forma decidida a reutilización e o reciclado, o novo paquete europeo de economía circular proclama a diminución do uso do vertedoiro, limitándose a un máximo do 10% dos residuos municipais xerados. Así, cando os residuos non se poidan evitar nin reciclar, resulta preferible recuperar o seu contido enerxético, en lugar de desvaloralos a vertedoiro.

No caso de España, en maio de 2015, ao redor de 20 entidades do sector ambiental, entre as que se atopaba Aeversu, representada polo seu presidente, Rafael Guinea, subscribíronse ao manifesto por un vertido cero, considerando a necesidade de analizar a implantación de instrumentos disuasorios cos que prohibir o

vertido de residuos valorizables, aproveitando ao máximo o seu potencial material e enerxético. Posteriormente, a Primeira Presidenta do Relatorio de Estudo sobre Residuos da Comisión de Medio Ambiente e Cambio Climático do Senado de España, manifestaba, nunha xornada promovida pola Fundación para a Economía Circular en setembro de 2015, que non se podía poñer fin ao vertido se non se falaba de valorización enerxética.

Guinea entrevistou en diversos eventos nos que deu a coñecer as bondades da valorización enerxética, acreditadas a través dun estudo elaborado por G-Advisory, do Grupo Garrigues, no que se da boa conta dos beneficios ambientais, económicos e sociais derivados da valorización enerxética.

A comunicación transparente, clave

O rexeitamento cara a valorización enerxética por parte de determinados grupos sociais debe ser superado, tal e como defende o máximo responsable de Aeversu, desde a máxima transparencia e unha boa comunicación a través da cal se explique e informe á poboación sobre as múltiples vantaxes da valorización enerxética, como por exemplo o importante aforro de combustibles fósiles.

SUBIR

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

A reciclaxe en España viuse incrementada nun 4,5%, segundo datos do Observatorio Sectorial DBK

A previsión para o período 2016-2017 é que os residuos reciclados aumenten ao redor dun 4% anual ata superar os 20 millóns de toneladas.

Segundo un estudo realizado polo Observatorio Sectorial DBK, o volume de residuos reciclados en 2015 en España, incluíndo metais, papel e cartón, madeira, vidro e plástico, viuse incrementado, respecto ao 2014, nun 4,5%, situándose nos 18,5 millóns de toneladas.

A mellora da conxuntura económica, que derivou nun aumento das cantidades de refugallo xeradas, e o incremento das cantidades destinadas á industria da reciclaxe, propiciou que o negocio procedente da venda destes materiais acadase os 2.200 millóns de euros.

Por segmentos de actividade, os residuos metálicos concentran un maior volume de reciclaxe, con preto do 60%. Séguenlle o papel e cartón, co 25%; a madeira, co 7,3%; o vidro, co 5,1%; e o plástico, co 3,7%.

O sector da reciclaxe concentraba en España, no 2015, a 350 empresas que

xestionaban unhas 400 plantas con competencias na recuperación de residuos, tanto de metal como de papel e cartón, madeira, vidro, plástico e aparellos eléctricos e electrónicos. A maioría, de pequenas dimensións e especializadas na recuperación dun só material. A nivel de emprego, algo máis do 60% das compañías contan cun persoal inferior aos 10 traballadores.

A previsión é que, no período 2016-2017, o volume de residuos reciclados aumente ao redor dun 4% anual ata superar os 20 millóns de toneladas, prolongándose deste xeito a tendencia ascendente do exercicio anterior.

Estas son algunhas das conclusións recollidas no Informe Especial basic Reciclado de Residuos, publicado recentemente por INFORMA D&B (filial de CESCE), líder na subministración de información comercial, financeira, sectorial e de márketing en España e Portugal.

En 2015 operaban en España un total de 350 empresas de reciclaxe que xestionaban unhas 400 plantas



Material reciclado. / Ecoembes

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

Sogama colabora co colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa nun proxecto medioambiental de mellora da contorna

O apoio da empresa pública incluíu a subministración dunha illa de reciclaxe, conformada por tres contedores de 120 litros de capacidade nos que os escolares poden depositar e diferenciar os residuos xerados no colexio para o seu posterior reciclado.



Colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

No marco do seu programa de educación ambiental, Sogama está a colaborar co CEIP Viñagrande-Deiro, de Vilanova de Arousa (Pontevedra), que traballa nun proxecto escolar co que pretende sensibilizar aos alumnos e ás súas familias na protección e coidado do medio ambiente.

Coordinado por Serxio Rosales López, titor do segundo nivel de Educación Primaria, o proxecto procura chamar a atención respecto ao risco que implica o inadecuado comportamento humano sobre o planeta, enfatizando a necesidade de que os nenos tomen conciencia do problema e que poñan os medios necesarios para frealo.

O docente considera que actuar sobre a contorna máis inmediata constitúe unha prioridade, xa que as accións locais contribuirán a alcanzar grandes logros a nivel global.

A colaboración de Sogama co centro materializouse a través da achega dunha illa de reciclaxe, conformada por tres contedores de 120 litros de capacidade cada un, nos que depositar, de forma diferenciada, e contribuíndo ao aforro de

enerxía e materias primas, os envases de plástico, as latas e os briks; o papel e cartón; e a fracción resto.

Cos escolares, elaborárase un decálogo de boas prácticas a implantar nos fogares. Dado que o centro sitúase no ámbito rural e os pequenos están moi próximos á natureza, deseñouse un proxecto con grandes expectativas, a executar no colexio, nas casas e na parroquia e/ou concello.

Unha horta ecolóxica para o terceiro trimestre

Finalizado o segundo trimestre, adentráranse na implantación dunha horta escolar ecolóxica. E para isto precisan un composteiro co que transformar a materia orgánica nun abono de alta calidade. Sogama xa lle aportou un.

Á vista do modus operandi, Rosales destaca a evidencia de que o colexio "está nun proceso de cambio no que desempeñan un papel fundamental as novas tecnoloxías, coas que traballamos a expresión e a comprensión, tanto oral como escrita, pero sen esquecer o lápiz e o papel".

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia

Planeta Verde: Os Trebón visitan Sogama



O profesor Uxío leva á familia Trebón a visitar o complexo medioambiental de Sogama en Cerceda, pero é Anselmo quen conduce o minibús e acaba, por erro, no parque acuático. Tras moitas voltas, os Trebón chegan a Sogama para descubrir que é o que pasa co lixo que separan na casa. Xuntos toman boa nota do destino dos residuos depositados nos diferentes contedores, coma os do colector verde, que son transformados en combustible. Despois de lembrar a importancia dos tres erres -reducir, reutilizar e reciclar-, a familia vai de volta á casa, aproveitando, por suposto, para facer unha paradiña e ir xogar ao Aquapark.

[Ver vídeo...](#)

Ecovidro edita un conto infantil para fomentar o reciclado de vidro en Galicia

A Ecovidrio edita e distribúe entre os preto de 900 colexios galegos de infantil e primaria, coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Sogama, un conto que, baixo o título "Mr. Iglú fai amigos", dirixe aos escolares co obxectivo de fomentar o reciclado do vidro e clarificar o que debe e non debe depositarse no contedor verde.

O protagonista da historia, Mr. Iglú, faise amigo dos personaxes que protagonizan a serie de videocontos medioambientais "Planeta Verde", auspiciados por Sogama para promover entre a poboación en xeral, e os máis pequenos en particular, as boas prácticas no coidado e protección da contorna, prestando especial atención á xestión sostible dos residuos urbanos.



CIFRAS

- Os galegos reciclaron 39.000 toneladas de residuos de envases de vidro durante 2014.

- Os puntos de contenerización incrementáronse nun 2,7%. Así, en Galicia hai un contedor por cada 206 habitantes.

- Os galegos lograron evitar a emisión de 26.100 toneladas de CO₂, a extracción de 46.900 toneladas de materias primas e o aforro de 105.300 MWh de enerxía.

RECICLANDO TRES BOTELLAS DE VIDRO...

- Afórrase máis de 1 quilo de materia prima.

- Afórrase a enerxía necesaria para cargar un smartphone durante un ano, así como a enerxía suficiente para manter acesa unha lámpada de baixo consumo durante 9 días.

- Evítase a emisión de 1 quilo de CO₂ á atmosfera.



Quieres ler o conto ou descargalo para colorear as viñetas finais? Pulsa aquí

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

A CEL, coa colaboración de Sogama, organiza unha xornada baixo o lema "Por que reciclar?"



Os representantes de Ecoembes e Ecovidrio na xornada

O 18 de febreiro de 2016 a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) celebrou a xornada "Por que reciclar?", na que colaborou Sogama. O evento tamén contou coas achegas de Julio López, Xestor do Departamento de Relacións Institucionais de Ecoembes, entidade centrada na reciclaxe dos envases de plástico, latas e briks (contedor amarelo) e envases de cartón e papel (contedor azul); e de José Luís Magro, Xefe do Departamento de Marketing de Ecovidrio, SIG que se

responsabiliza da reciclaxe dos envases de vidro.

Ambos explicaron o cometido das súas respectivas organizacións e coincidiron en sinalar que un dos grandes retos do século XXI é precisamente solventar o problema que representa a elevada xeración de lixo nas sociedades modernas, facéndose necesario camiñar cara a economía circular.

A contribución destes SIG ao emprego é especialmente reseñable, toda vez que a actividade de Ecoembes e Ecovidrio posibilitou a creación de 50.600 postos de traballo directos e indirectos en toda España, concentrándose en Galicia preto de 2.900.

Zaragoza acolle a conferencia de peche do proxecto Dibbiopack



A cidade de Zaragoza acolleu o pasado 24 de febreiro a conferencia final do proxecto de I+D Dibbiopack, que coordinou Aitiip Centro Tecnolóxico, dándose cita os 19 socios dos 10 países que participaron no mesmo durante catro anos e que contribuíron, de forma activa e decidida, ao desenvolvemento de envases intelixentes e multifuncionais de material bioplástico (biobasado, compostable e biodegradable) para os tres sectores máis relevantes no que ao seu uso se refire, isto é, o alimentario, o cosmético e o farmacéutico.

Mentres que a primeira parte do evento, de carácter máis institucional, tivo lugar no CaixaForum, contando coa presenza da conselleira de Innovación, Investigación e Universidade do Goberno de Ara-

gón, Pilar Alegría, ademais de representantes do CDTI, a segunda parte contemplou a visita á planta piloto situada en Aitiip Centro Tecnolóxico, que exerceu a coordinación desta iniciativa.

Enmarcado no Sétimo Programa Marco, o proxecto, que contou cun orzamento de 7.745.570 euros, pretendeu dar resposta aos retos que suscita o uso dos bioplásticos nun futuro próximo, sector que crece máis dun 20% ao ano e que ofrece grandes oportunidades industriais, ambientais e sociais.

O papel de Sogama, unha das empresas socias, xirou en torno á avaliación das distintas posibilidades de xestión dos envases unha vez convertidos en residuos.

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Sogama participa na primeira conferencia panamericana "Waste to Energy 2016"

A cidade colombiana de Medellín acolleu os días 10 e 11 de marzo a primeira conferencia panamericana Waste to Energy 2016. Con este evento, organizado pola Asociación Colombiana de Enxeñeiros ACIEM-Antioquía, preténdese habilitar un espazo para o encontro, o intercambio de experiencias e o debate construtivo entre os diferentes axentes vinculados á xestión dos residuos, desde académicos ata fabricantes e operadores de plantas de produción enerxética, políticos e entidades gobernamentais.

Por parte de España, asistiu Pedro Alcázar, Responsable de Medio Ambiente da Área Técnica de Sogama, empresa inte-

grada á súa vez en [AEVERSU](#), e fíxoo co obxectivo de dar a coñecer o rigoroso proceso de control de emisións en plantas de tratamento de residuos urbanos empregando caldeiras tipo CFB.

Tamén Rafael Sagarduy, da firma Idom España, participou neste evento para falar, entre outras cuestións, do ciclo dos residuos.

Os Estados europeos máis avanzados e comprometidos co medio ambiente, onde a valorización enerxética da fracción non reciclable dos refugallos está plenamente asentada, constitúen o espello no que moitos países sudamericanos queren mirarse, toda vez que, debido ao crecente aumento da poboación en América Latina e a maior xeración de lixo, a capacidade dos vertedoiros estase a ver superada, incumprindo estes en moitos casos os requisitos legais establecidos.



Ecoembes pretende acadar unha taxa de reciclaxe do 80% dos envases domésticos

No marco do seu Plan Estratégico 2016-2020, Ecoembes pretende alcanzar unha taxa de reciclaxe do 80% dos envases domésticos no ano 2020, cifra que supera en 5 puntos porcentuais o obxectivo marcado pola Comisión Europea a través do novo Paquete de Economía Circular, aprobado o pasado 2 de decembro.



o 80% dos mesmos para mellorar a calidade do servizo prestado ao cidadán.

No marco do seu Plan Estratégico 2016-2020, Ecoembes trazou unha folla de ruta baseada na eficiencia e na capacidade de adaptación do sistema que coordina. Para isto incrementárase nun 20% o número de contedores amarelos e azuis, e inspeccionárase anualmente

Neste escenario, o SIG apostará pola innovación aberta para acadar unha sociedade 100% responsable co coidado da contorna, destinando a este cometido un investimento de 10 millóns de euros, e impulsará a educación e sensibilización en materia de reciclaxe.

SUBIR

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Efemérides medioambientais

O pasado 26 de xaneiro conmemorouse o Día Mundial da Educación Ambiental, unha efeméride que afonda as súas raíces na Declaración da Conferencia das Nacións Unidas sobre o Medio Ambiente, celebrada en Estocolmo en 1972. Formación continua, concienciación e transmisibilidade do coñecemento son algúns dos principios fundamentais en materia de educación ambiental.

Dous días despois celebrouse o Día Mundial da Redución das Emisións de CO₂, tamén coñecido como Día Mundial da Acción fronte ao Quentamento Terrestre. A efeméride tivo lugar apenas mes e medio despois do histórico Acordo do Cumio de París, mediante o cal 195 países comprometéronse a loitar decididamente contra o quentamento global. Sogama contribuirá a esta redu-



ción mediante o incremento do transporte de residuos por ferrocarril, un medio máis eficiente e respectuoso co medio ambiente.

O 2 de febreiro foi o Día Mundial dos Humidais, que conmemora a firma do Convenio de Ramsar (Irán) en 1971. Estes peculiares espazos naturais representan o medio de vida de máis de mil millóns de persoas en todo o planeta, os cales con vén coidar, xa que desde 1900 desapareceu o 64% dos humidais da Terra.

A biodiversidade é un elemento clave para garantir o equilibrio ecolóxico, unha das razóns polas que cada 3 de marzo se celebra o Día Mundial da Natureza. Esta efeméride recorda a firma da Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres. A día de hoxe, ao redor de 7.000 especies animais atópanse en perigo de extinción.



Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

SUBIR

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Receitario



Un prato saboroso con pouco esforzo

O polo asado é un dos pratos máis saborosos que existen e que a xente soe gozar especialmente durante a fin de semana. Se che sobra algo de carne, aproveita para facer unha sopa na ceas cos restos do polo. Así prepararás pra-

tos exquisitos sen tirar nada e con pouco esforzo!

Se te animas a preparar a receita, contá-nolo no noso [Facebook](#) ou [Twitter!](#)

Sopa con restos de polo asado

Nivel de
dificultade: 1 2 3

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 1 carcasa de polo asado cun pouco de carne no óso
- 1 cunca de carne de polo obtido das sobras do polo asado
- 2 cenorias
- 1 cebola
- 1 gran tallo de apio
- 1 fato de perexil
- Sal e pementa ao gusto

ELABORACIÓN

- Poñer a carcasa de polo asado nunha pota grande e cubrir con 2 litros de auga.
- Engadir a cebola, a cenoria e o apio. A continuación, botar sal e pementa.
- Cocinar a lume baixo cuberto durante 1 hora e media.
- Deixar enfriar e despegar os anacos de carne restante da carcasa.
- Coar o caldo nunha pota grande e desbotar a carcasa e as verduras usadas.
- Agregar as sobras de polo no caldo e queentar a lume baixo. Botar sal e pementa.

PRESENTACIÓN

- Espallar o perexil triturado e engadir, se se prefire, un pouco de nata, crema de soia ou outros.
- Servir cun pouco de pan fresco e crocante.

Entrevistamos a...

Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama

Manuel Fernández
Director general de PlasticsEurope
en la Región Ibérica

Mundo Sogama

Sogama acadou en 2015 os seus mellores resultados históricos en eficiencia industrial

Actualidade

Sogama licita a construción dunha planta de compostaxe por 3,9 millóns de euros

Javier Domínguez preside a entrega de diplomas aos portavoces municipais

Reparto de composteiros na campaña "Ourense Composta"

O programa de visitas ás instalacións de Sogama comeza 2016 con forza

O PEMAR e o novo paquete de economía circular avalan a valorización enerxética

A reciclaxe en España incrementouse nun 4,5% segundo DBK

Proxecto medioambiental do colexio Viñagrande-Deiro de Vilanova de Arousa

Multimedia

Eventos

[SUBIR](#)

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es

